

BRAQUITERAPIA DE ALTA TASA DE TUMORES DE CABEZA Y CUELLO.

Este informe realizouse a petición da Comisión Asesora para a Incorporación de Técnicas, Tecnoloxías e Procedementos como solicitude de autorización para a incorporación do procedemento na Carteira de Servizos do Sistema Sanitario Público de Galicia.

Os cánceres de cabeza e colo representan un conxunto heteroxéneo de tumores que plantean un importante desafío en canto o diagnóstico e control. A braquiterapia de alta tasa é un tipo de terapia de radiación que consiste na colocación dunha fonte radioactiva, xeralmente Iridio 192 de alta tasa, dentro o na proximidade do tumor e que permite administrar unha intensidade alta de radiación nun tempo reducido, diminuindo a exposición as estruturas circundantes.

Co obxectivo de avaliar a efectividade e seguridade desta técnica no tratamento de tumores de cabeza e colo, a Axencia de Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias de Galicia acaba de publicar unha revisión sistemática da literatura científica sobre o tema.

DOCUMENTOS RELACIONADOS
Texto completo
Resumo
Exportar cita